

# CURSOS DE CONDUCIÓN EFICIENTE DE VEHÍCULOS

***Unha medida para aforrar combustible e reducir emisións***

## Obxectivos

O obxectivo destes cursos, é realizar un uso máis racional do vehículo e ofrecer un novo estilo de condución para promover un cambio de actitude nos usuarios.

A condución eficiente consiste en aplicar unha serie de técnicas para reducir o consumo de combustible e a contaminación medioambiental e ademais, conseguir aumentar a seguridade viaria e o confort a bordo. Segundo datos facilitados polo Instituto para la Diversificación y Ahorro de Energía (IDAE) os españois aforrarían un 15% anual en combustible cunha condución máis económica e sen diminuír a velocidade media.

## Profesorado

O curso contará con monitores/as expertos/as que explican as técnicas ao volante para aproveitar a eficiencia enerxética dos vehículos actuais. O alumnado terá a posibilidade de comparar a influencia das técnicas de condución no consumo de combustible mediante unha proba práctica antes e despois da sesión teórica.

## Estructura

O curso realízase nunha única sesión cunha duración aproximada de 2 horas, sendo a estructura do curso:

- Quenda de condución normal por cada alumno/a
- Sesión teórica
- Quenda de condución por parte de cada alumno/a, aplicando as técnicas de condución eficiente
- Exposición de resultados das quendas

Para a realización das prácticas porase a disposición dos alumnos/as un vehículo con medición de consumo. O número de alumnos por vehículo será como máximo de catro. As roldas de condución serán realizadas por cada un dos catro alumnos do grupo.

O curso levarase a cabo nun percorrido que conte coa maior parte dos elementos representativos da circulación (cruzamentos, rotondas, vías de dobre sentido, pendentes en subida e en baixada, etc.) e nas que a aplicación dunha ou outra técnica achegan diferenzas en consumo.

A os asistentes entregaráselle un *Manual de condución eficiente* así como un diploma acreditativo da participación no curso.

## Requisitos

Contar cun mínimo de 8 persoas que dispoñan de carné de conducir tipo B e sexan condutores habituais. O día do curso os alumnos terán que levar orixinal e fotocopia do carné de conducir.

Para a execución dos cursos, os concellos inscritos so deberán de facilitar un espacio para o desenvolvemento da parte teórica, así como recoller as inscricións individuais, para o que a organización facilitará o concello modelos de carteis de divulgación e de fichas de inscrición individuais.

## Custe

Cursos totalmente gratuítos para o concello e os participantes financiado polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) con fondos do Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE)

## Horario e Datas

Os cursos impartiranse nunha única sesión de dúas horas, en horarios de mañá e/ou tarde, que se fixarán de común acordo entre o concello e a organización do curso, en función do calendario da campaña e dispoñibilidade do profesorado e recursos.

## Información e inscricións

Os concellos que desexen participar nesta convocatoria, deberán cumprimentar e reenviar ao CEIDA o correspondente boletín de inscrición que pode descargar nesta mesma web.

Máis información en:
CEIDA
Tlf 981 630 618
educacion@ceida.org